

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



CRA RAÍÑA ARAGONTA

Rúa Rosalía de Castro Nº11A
CP36470. Salceda de Caselas
Pontevedra



ÍNDICE

Índice:

1. INTRODUCCIÓN	3
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	4
2.1. A CONTORNA	4
2.2. O CENTRO	5
2.2.1. Características xerais.	5
2.2.2. Instalacións.	5
2.2.3. Recursos persoais.	7
2.2.4. O alumnado.	8
2.3. MARCO LEGAL	9
3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES	14
3.1. ALUMNADO DESTINATARIO DO PXAD	14
3.2. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS	14
3.2.1. <i>Avaliación inicial:</i>	15
3.2.2. <i>A avaliación psicopedagóxica</i>	16
3.2.3. <i>Informe Psicopedagógico:</i>	18
3.2.4. <i>Ditame de escolarización:</i>	18
4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS	18
5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	20
5.1. MEDIDAS ORDINARIAS:	20
5.1.1. Medidas ordinarias de carácter preventivo:	20
5.1.2. Medidas Ordinarias de carácter organizativo e curricular.	22
5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	22
6. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.	23
6.1. Organización dos apoios.	23
6.2. Prioridade das intervencións.	24
6.3. Modalidades de atención.	25



7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.	25
7.1. Claustro	25
7.2. Profesorado tutor	26
7.3. Profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe	26
7.3.1. Mestre especialista en Pedagogía Terapéutica	26
7.3.2. Mestre especialista en Audición e Linguaxe	27
7.5. Equipo directivo	29
7.6. Comisión de coordinación pedagóxica	30
7.7. Persoal coidador	30
8. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.	31
8.1. Coordinación interna	31
8.2. Coordinación con outros centros	31
9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E OS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.	32
9.1. Familias	32
9.2. Servizos externos	32
10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	33
11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.	34

1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, que se refunde coa Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece no seu Artigo 121 que o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e que deberá respectar o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais. En consonancia con estes principios, configúrase a atención á



diversidade como un dos eixos vertebradores e pilar fundamental do sistema educativo regulado polas mencionadas Leis. Así, considérase esencial proporcionar unha educación axustada ás necesidades de todo o alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situacións persoais, sendo este un cometido de toda a comunidade educativa.

A atención á diversidade a que se refire o mencionado Artigo 121 deberase articular debidamente no Plan Xeral de Atención á Diversidade, tendo en conta o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na comunidade autónoma de Galicia. Deste xeito no presente documento que nos ocupa, concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o noso centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado escolarizado nel. Deste xeito, perseguirase facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias clave e a consecución dos obxectivos xerais previstos na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1. A CONTORNA

O Centro Rural Agrupado (CRA) Raíña Aragonta atópase localizado en Salceda de Caselas, un pequeno concello pertencente á comarca de Vigo que se sitúa no suroeste da provincia de Pontevedra. Salceda de Caselas é un concello rural onde os seus habitantes (uns 8900) se reparten en pequenos e numerosos núcleos de poboación. Trátase dunha zona de interior relativamente próxima á cidade olívica, onde o nivel socioeconómico é medio sendo destacable a escasa actividade económica propia, polo que a maioría das familias se desprazan a outras localidades, como Porriño ou Vigo, para atopar emprego. Salceda de Caselas é o concello de Galicia que máis aumentou a súa poboación nos últimos anos, e presenta a taxa de natalidade máis alta da Comunidade, o que repercute directamente nas necesidades organizativas e de recursos de toda índole das súas escolas.



A oferta cultural do concello é bastante ampla. Conta con casa da cultura, biblioteca, locais sociais en tódalas parroquias, pavillón e escola de música. Ao longo do curso organízanse moitas actividades conxuntas entre o concello e o centro escolar.

2.2. O CENTRO

2.2.1. Características xerais.

Tal e como se referiu anteriormente, o Raíña Aragonta trátase dun Centro Rural Agrupado, regulado no Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Nel escolarízase o alumnado pertencente á etapa de Educación Infantil, concretamente os nenos e nenas que cursan de 4º a 6º curso (2º ciclo da etapa). No CRA Raíña Aragonta están matriculados practicamente a totalidade das nenas e nenos de 3 a 6 anos censados en Salceda de Caselas, sendo un total de 300 alumnas e alumnos.

O centro conta con xornada continua sendo o horario lectivo de 09:15 a 14:15 horas. Con carácter xeral o horario de atención a familias é na tarde dos martes de 16:00 a 17:00 horas.

2.2.2. Instalacións.

O centro está composto por 15 unidades de Educación Infantil dispostas do seguinte xeito:

UNIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL	
4º Educación Infantil	2 aulas
5º Educación Infantil	3 aulas
6º Educación Infantil	3 aulas
Aulas mixtas (4º, 5º e 6º)	7 aulas

- Na parroquia de Santa María de Salceda, no centro urbano de



Esfarrapada, atópase a edificación máis grande do CRA Raíña Aragonta, sede do mesmo, e onde se atopan 8 aulas de Educación Infantil.

O edificio está composto por dúas plantas. Na planta inferior atópanse 5 aulas (aulas de 3 e 5 anos), a aula de psicomotricidade, 2 aseos de nenas e nenos, 2 aseos de mestras/es, sala de caldeiras, 2 almacéns, sala de mestras e mestres, despacho de dirección e despacho de secretaría. Na planta superior hai 3 aulas (aulas de 4 anos), aula de usos múltiples, biblioteca, aula de Audición e Linguaxe, aula de Pedagogía Terapéutica, despacho de Orientación, despacho da ANPA “As Landras” e 2 aseos de nenas e nenos. No exterior do edificio hai un patio cuberto, un patio exterior cun areeiro, un horto, dúas pistas polideportivas, e unha ampla zona axardinada.

Fóra do horario lectivo, estas instalacións son empregadas para desenvolver as actividades extraescolares e reúnírense as socias e socios da ANPA.

- Nesa mesma parroquia no lugar de Barreiro hai outra aula do CRA Raíña Aragonta. Nela escolarízase alumnado de 3, 4 e 5 anos nun grupo mixto. Esta aula conta cos seguintes espazos: un pequeno edificio onde está a aula e os aseos, un edificio anexo (antiga casa do mestre/a) con utilidades moi versátiles (actividades de lecer, desdobres en relixión e alternativa, determinados apoios,...), un pequeno patio cuberto, un horto, unha zona de patio aberto.
- Na parroquia de Parderrubias, no lugar de Fontán, hai unha aula do CRA Raíña Aragonta onde se escolariza alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil. A aula conta con tres espazos nun mesmo edificio (aseos, espazo no que permanece o grupo habitualmente e outro polivalente) e un patio aberto.
- Na parroquia de Entenza hai outra aula mixta do centro, localizada nun edificio grande que pertence a un centro cultural parroquial. Nesta edificación dispomos de unha pequena aula, despacho, aseos e un pequeno patio.
- Na parroquia de Picoña hai unha aula onde se escolariza alumnado de



3, 4 e 5 anos nun grupo mixto. A edificación conta cos seguintes espazos. Aulas, aseos e patio.

- Na parroquia de Soutelo hai outra aula mixta ubicada nun edificio disposto en aula, despacho, aseos, porche cuberto e patio exterior.
- Na parroquia de Budiño contamos cunha aula mixta onde se escolariza alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil. A aula conta cun espazo onde se imparte docencia, un despacho, aseos, e patios.
- Na parroquia de San Xurxo tamén hai outra aula onde se escolariza alumnado das mesmas idades e sendo a disposición do espazo similar ás anteriores.

2.2.3. Recursos persoais.

Son aquelas persoas tanto de dentro como de fóra do centro, que posibilitan a atención adecuada e individualizada a todo o alumnado en xeral, e en particular a aqueles que presenten neae partindo dunha intervención global e multidisciplinar.

A. Recursos internos:

O presente curso académico 2016/2017 no CRA Raíña Aragonta contamos cos seguintes profesionais:

➤ Persoal docente:

- Mestras/es titoras/es:
 - Educación Infantil 15
 - Apoio Educación Infantil 4
- Mestras/es especialistas:
 - Lingua estranxeira (inglés) 1
 - Educación Física 1
 - Música 1
 - Relixión católica 1
 - Audición e Linguaxe 1
 - Pedagogía Terapéutica 1
 - (*O especialista en PT non corresponde por catálogo).



- Orientación 1
- Persoal non docente:
- Coidadora 1
- Persoal de limpeza 4
- ANPA 1
- Familias e alumnado.

B. Recursos externos

- Inspección Educativa
- Xefatura Territorial
- Equipo de Orientación Específico
- Asociacións: BATA, ASPERGA,...
- Atención Temprá
- Servizos de Saúde: pediatría, neuropediatría,...
- Servizos Sociais do Concello de Salceda de Caselas: educadoras familiares, traballadora social, psicopedagoga,...
- Distintos voluntarios e traballadores do Concello de Salceda de Caselas (por exemplo os que levan a cabo en horario de tarde un programa de inmersión lingüística destinado ao alumnado procedente do estranxeiro).
- Entidades privadas: logopedia, psicoloxía, pedagogía, dentista,...
- Centro de Formación e Recursos.

2.2.4. O alumnado.

No CRA Raíña Aragonta atópanse matriculados na actualidade un total de 300 nenos e nenas. Cabe destacar que entre a totalidade do alumnado existen variedade de intereses, afeccións, preferencias, capacidades e dificultades. Unha porcentaxe importante do total do alumnado presenta necesidades específicas de apoio educativo de diversa índole. Tamén é destacable o descenso de alumnado de procedencia estranxeira que chega ao concello nos últimos anos, probablemente debido ao freo que supón a situación económica actual do noso país.

Tal e como se referiu anteriormente son moitas e moi variadas as necesidades específicas de apoio educativo que presenta o alumnado



escolarizado nas distintas aulas do CRA, tanto nas que se atopan no centro urbano de Esfarrapada, como loxicamente, nas distintas aulas mixtas localizadas nas distintas parroquias de Salceda. O feito de que o alumnado se escolarice en pequenas aulas mixtas nun contexto rural ten numerosos beneficios e aspectos positivos, pero tamén supón importantes dificultades a nivel organizativo. É importante ter en conta, que os desprazamentos das mestras/es especialistas entre as distintas aulas (salvo no caso das aulas localizadas no lugar de Esfarrapada), leva unha media de 15 minutos, o que merma de xeito considerable as horas reais de docencia desas mestras/es. Do mesmo xeito danse certas dificultades para transportar de unha aula a outra os materiais máis específicos: xogos manipulables, material de psicomotricidade, ordenador con programas e xogos específicos,... (tendo en conta que a aprendizaxe na etapa de Educación Infantil realízase fundamentalmente a través do xogo).

2.3. MARCO LEGAL

A continuación recóllese a relación da lexislación vixente na actualidade no noso país e comunidade autónoma que regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos:

A. MARCO XERAL

- Constitución Española de 1978 (BOE 29 de decembro de 1978).
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (LODE).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

B. ENSINANZAS MÍNIMAS E CURRÍCULO

- **Relacións entre os elementos curriculares:**
 - Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da EP,



ESO e BAC.

- **Educación Infantil:**

- Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Educación Primaria:**

- Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

C. AVALIACIÓN CURRICULAR

- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

D. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS

- **Escolas de Educación Infantil e Colexios de Educación Primaria:**

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das EEI e dos CEP.

- **Modificacións posteriores:**

- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997, a Orde do 22 de xullo de 1997, e a Orde do 3 de outubro de 2000.

- **Requisitos mínimos:**

- Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación



secundaria.

- **Dinamizacións:**

- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.

- **Absentismo:**

- Instrucións do 31 de xaneiro de 2014, polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar de Galicia.

E. ADMISIÓN DE ALUMNADO

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de EI, EP, ESO e BAC reguladas na LOE.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de EI, EP, ESO e BAC reguladas na Lei 2/2006 do 3 de maio de Educación e Corrección de erros en DOG do 24 de abril de 2013.

F. ORIENTACIÓN EDUCATIVA

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Resolución do 22 de decembro de 2004, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.
- Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

G. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Disposicións xerais:**

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se



imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación.

- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.
- Circular 8/2009, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- **Avaliación psicopedagóxica e ditame de escolarización:**
 - Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización
- **Adaptacións Curriculares:**
 - Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- **Alumnado procedente do estranxeiro:**
 - Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- **Alumnado con altas capacidades:**
 - Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións de sobredotación intelectual.
 - Real decreto 943/2003, do 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente.

H. ATENCIÓN TEMPERÁ

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.



- Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

I. ACCESIBILIDADE, NON DISCRIMINACIÓN E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (case totalmente derogada).
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia (case totalmente derogada).
- Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
- Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade en Galicia.

J. AUXILIAR TÉCNICO EDUCATIVO (COIDADOR/A)

- Resolución do 23 de outubro de 1991 que recolle as funcións dos coidadores.

K. CONVIVENCIA E FAMILIA

- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.

L. PLURILINGÜISMO



- ❖ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ❖ Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

3.1. ALUMNADO DESTINATARIO DO PXAD

Tal e como se referiu con anterioridade, e tendo en conta o Artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia, o Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121 da LOMCE. No plan deberanse concretar todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado.

Así pois, os destinatarios do Plan Xeral de Atención á Diversidade son:

- ❖ A totalidade do alumnado, diverso ante os procesos de ensino-aprendizaxe, con distintas características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais:
 - O alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (temporal ou permanente):
 - Alumnado con Necesidades Educativas Especiais, derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
 - Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
 - Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais.
 - Alumnado que se incorpore tardiamente ao sistema educativo.
 - Alumnado con determinadas condicións persoais ou de historia escolar.

3.2. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS



Para coñecer as necesidades, dificultades e características dos nosos alumnos e alumnas e atendelas da maneira mais axeitada e temperán posible, dende o centro escolar, levamos a cabo unha serie de actuacións baseadas na normativa vixente que nos permiten coñecer e identificar cales destes alumnos van a precisar unha atención máis específica e determinar e planificar o modelo de intervención máis axeitada para cada caso.

Para todo isto realizamos as seguintes actuacións:

3.2.1. Avaliación inicial:

Permite obter un coñecemento o máis completo posible sobre os alumnos e alumnas. Mediante esta avaliación podemos axustar a resposta educativa ás características individuais das necesidades de cada neno, nena e/ou grupo de alumnos e alumnas.

Tanto no Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, como na Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, indican que ao iniciar a escolarización, tanto na etapa de Educación Infantil, como na Educación Primaria, todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial, na que ademais dos aspectos recollidos na **Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, tamén se verán recollidas a detección das posibles necesidades específicas de apoio educativo. As avaliacións iniciais realizaranse ao comezo do ciclo (2º ciclo de E.Infantil), e cando haxa incorporación de novos alumnos, xa sexa en calquera momento do curso escolar.

O departamento de orientación, xunto cos equipos de orientación específicos, son os encargados de elaborar o material necesario para que os mestres titores leven a cabo a recollida de información que sexa necesaria para a avaliación. Unha vez recollida esta información, o departamento de



orientación a estuda e analiza para extraer conclusións que nalgúns casos pode derivar na necesidade de levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica .

Para levar a cabo unha avaliación inicial hai que ter en conta o seguinte: datos recollidos na entrevista inicial coas familias; o historial do alumno; a observación directa e os datos aportados polo equipo docente que trata directamente co alumno ou alumna.

A información estará recollida nunha ficha de avaliación inicial, elaborada polo Departamento de Orientación e que servirá para coñecer aspectos como:

- Datos persoais, físicos e de saúde.
- Contexto familiar (afectivo, socio-económico e cultural).
- Intereses e preferencias.
- Grao de autonomía e socialización.
- Competencia en comunicación lingüística.
- Nivel de desenvolvemento motriz e dominancia lateral.
- Integración no grupo.
- Posibles factores que anticipen dificultades nos procesos de ensino – aprendizaxe.

3.2.2. A avaliación psicopedagóxica

Con respecto á **Avaliación Psicopedagóxica**, vai ser a técnica de avaliación que empregue o orientador/a nos centros, no caso de detectarse dificultades, xa sexa por parte dos mestres titores ou especialistas que impartan docencia ao alumnado, ou ben por parte da familia ou servizos de saúde de Galicia.

Para levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica no noso centro, existe un Protocolo de Actuación, cos seguintes pasos para iniciar e facer máis efectivo o proceso:

- 1) Avaliación de necesidades. Para xestionar as demandas de avaliación por parte da orientadora, a titora interesada debe cumprimentar unha



ficha (segundo o modelo “Solicitud de avaliación do orientador/a”), e entregala á xefa de estudos.

- 2) A xefa de estudos rexistrará, polo procedemento que estime axeitado, as solicitudes e as remitirá á orientadora.
- 3) A orientadora realizará o estudo e comunicará os resultados á titora. De ser necesario unha intervención específica a orientadora comunicará á xefa de estudos a decisión adoptada e ámbalas dúas organizarán o horario de atención específica.
- 4) No caso de que o alumno/a reciba apoio ou reforzo educativo externo, a familia será informada e deberá cumprimentar a correspondente autorización (segundo modelo “autorización sobre adopción de medidas de atención á diversidade”).
- 5) Os profesionais implicados no programa de intervención específico coordinaranse na súa actuación establecéndose o calendario de reunións (como mínimo unha vez cada trimestre).
- 6) Cada trimestre a orientadora realizará un seguimento a cada alumno/a que reciba apoio externo, para determinar a conveniencia de continuidade do programa previsto, ou ben para a súa modificación se fora necesario.
- 7) As mestras de audición e linguaxe e os mestres/as que impartan apoios ao alumnado con necesidades específicas, avaliarán trimestralmente o grao de consecución dos obxectivos previstos, e comunicarán, mediante informe (segundo modelo) os resultados ao titor e á orientadora.



3.2.3. Informe Psicopedagógico:

As conclusións e resultados extraídos da avaliación psicopedagóxica deben estar recollidos nun informe psicopedagógico, de carácter individual, no cal debe figurar a situación evolutiva e educativa do alumno/a en cuestión, a concreción das súas necesidades educativas, orientacións para a súa intervención ou traballo en aula e a determinación das axudas que van ser necesarias. Este informe axuntarase á documentación que conforma o expediente escolar do alumno/a e será gardado e custodiado nos arquivos do Departamento de Orientación.

As familias deben ser informadas dos resultados das avaliacións psicopedagógicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe, seguindo os protocolos para isto establecidos.

3.2.4. Ditame de escolarización:

O ditame de escolarización vaise realizar no caso de alumnado con *necesidade específica de apoio educativo*, corresponde ao xefe do departamento de orientación, e levarase a cabo nas seguintes situacións:

- Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
- Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- Alumnado para o que se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.

Este documento consiste nun informe persoal dun alumno/a, elaborado polo departamento de orientación, que vai recoller os seguintes puntos:

- As conclusións da avaliación psicopedagóxica.
- As orientacións sobre a proposta curricular axeitada e os recursos persoais e materiais que van ser necesarios.
- A proposta de escolarización (que pode ser en centro ordinario, combinada, ou en centro específico).
- A opinión dos pais ou tutores/as legais sobre a proposta de escolarización.

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Entre os obxectivos a acadar cabe destacar os seguintes:



- Servir de referente para que o centro poida concretar anualmente o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado en función dos recursos dispoñibles.
- Articular as distintas medidas, plans e actuacións de atención á diversidade.
- Facer posible unha transición harmónica entre etapas posibilitando unha maior coordinación entre centros.
- Identificar as necesidades e adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais do alumnado.
- Promover a adopción de medidas que favorezan a acollida e a inserción do alumnado inmigrante e daquel que se atope nunha situación de risco de abandono escolar.
- Implementar medidas ordinarias e extraordinarias, organizativas e curriculares necesarias para a consecución das competencias clave e os obxectivos da etapa de Educación Infantil.
- Dar prioridade a aquelas medidas destinadas ao alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo (alumnado con necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe, incorporación tardía ao sistema educativo, cunhas condicións persoais ou de historia escolar desfavorables, trastornos graves de conduta ou alumnado con altas capacidades).
- Priorizar as actuacións e medidas de carácter preventivo e de detección temperá, así como as de carácter ordinario fronte ás de carácter extraordinario.



- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Fomentar a participación e coordinación dos equipos docentes na adopción e desenvolvemento das medidas.
- Fomentar a implicación doutros sectores da comunidade educativa: alumnado (titoría entre iguais, mediación), persoal non docente e familias.
- Establecer procedementos de comunicación adecuados para garantir a información e participación das familias do alumnado.
- Coordinar actuacións e establecer canles de comunicación cas parroquias que conforman o CRA e outros servizos externos.
- Identificar, a través dunha avaliación interna, a eficacia da atención á diversidade ao finalizar cada curso escolar e aqueles aspectos que precisan mellorar.

5. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

5.1. MEDIDAS ORDINARIAS:

Contémplanse dous tipos, de carácter preventivo e de carácter curricular e/ou organizativo.

5.1.1. Medidas ordinarias de carácter preventivo:

Son aquelas medidas, plans ou estratexias que teñen por obxectivo a prevención e a detección temperá. Pretenden garantir un tratamento educativo personalizado, promover a convivencia, a non discriminación e o respecto



polas diferenzas.

MEDIDA/ PROGRAMAS	DESCRICIÓN	DESTINATARIOS	FUNCIONAMENTO	RESPONSABLES
Transito á Educación Primaria	Conxunto de actuacións destinadas a facilitar o tránsito a E. Primaria.	Alumnado de 6º de Educación Infantil e familias.	Desenvolvemento do programa.	Coordinación das xefaturas dos Departamento de Orientación do CRA e do CEP Altamira.
Programa de Estimulación da Linguaxe Oral.	Conxunto de sesión de apoio destinadas a afianzar a linguaxe oral, e minimizar posibles dificultades de articulación no alumnado de E.Infantil.	Alumnado de 3º e 4º de Educación Infantil	O programa desenvolveras e nos cursos 4º e 5º de E.Infantil por teren os alumnos de 6º unha atención mais individualizada ca mestra especialista de A.L.	Coordinación: Departamento de Orientación. Posta en práctica: mestres de apoio E.Infantil.
Programa colectivo de recuperación de dislalias 6º E.Infantil	Programa que se realiza con un conxunto de alumnado con unha dislalia coincidente, o cal posibilita un traballo en pequeno grupo.	Alumnado de 6º de Educación Infantil cas mesmas dificultades de articulación	Emprego de diferentes estratexias colectivas de intervención para corrección de dislalias relacionadas cos fonemas /s/ e /z/.	Coordinación: Departamento de Orientación. Implementación: Mestres de apoio a E.Infantil e Titores cas recomendacións da especialista en A.L.
Metodoloxías baseadas na aprendizaxe por proxectos e o traballo colaborativo.	É a metodoloxía que se emprega a nivel xeral en tódalas aulas do CRA.	Tódolos alumnos do CRA.	Funciona como eixo metodolóxico a través do cal se planifican tódolos procesos de ensino - aprendizaxe.	Titores, Mestres de apoio e especialistas.



5.1.2. Medidas Ordinarias de carácter organizativo e curricular.

Ademais dos diferentes programas preventivos que sinalamos anteriormente, tamén empregamos unha serie de medidas ordinarias de atención á diversidade que están implícitas na metodoloxía empregada no día a día do centro, como son as seguintes:

- A adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- O emprego dunha metodoloxía baseada na aprendizaxe por proxectos, onde se prima o traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, a tutoría entre iguais, etc.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Reforzo Educativo e apoio dos mestres de apoio a Educación Infantil.
- A adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos e espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Desdobramentos de grupos.
- Programas específicos personalizados.

5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Son aquelas medidas que están dirixidas a dar resposta a aquel alumnado identificado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificación significativas no currículo ordinario ou cambios na organización ou nos elementos de acceso ao currículo ou modalidade de escolarización. Estas medidas aplicaranse unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Seguindo o que nos indica o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade, podemos dicir que as medidas extraordinarias que aplicamos dende o Departamento de Orientación do CRA, son as seguintes:

- Adaptacións Curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.



- Flexibilización do período de escolarización.
- Grupos de adquisición das linguas (este en colaboración co concello de Salceda de Caselas).

6. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

Para levar a cabo unha atención á diversidade o mais efectiva posible, é necesario determinar uns criterios que regulen como se vai a levar a cabo esta atención e como se van a distribuír os recursos persoais do centro.

6.1. Organización dos apoios.

No CRA existen xa regulados diferentes mestres que levan a cabo o apoio en aula, son os mestres de apoio en Educación Infantil. En concreto, no noso centro existen catro apoios, dous destinados á sede, un apoio mixto que atende os apoios necesarios repartindo o seu horario entre as aulas da sede e as aulas situadas nas parroquias, e por último, un mestre de apoio que esta dedicado soamente ás aulas das parroquias.

Por outra banda, o criterio xeral é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o desenvolvemento xeral e acadar os obxectivos e competencias clave da etapa de Educación Infantil.

Nos casos de alumnado con *necesidades específicas de apoio educativo*, o diagnóstico do orientador/a debe preceder á intervención dos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Non sendo necesario neste último caso a emisión de informe psicopedagógico para o alumnado que presente so dificultades de fala (articulación e dislalias), que serán atendidos pola mestre especialista de AL, sempre que teña dispoñibilidade horaria.

Os apoios serán organizados tentando respectar as sesións impartidas por



outros especialistas, no caso de precisar intervención individualizada fora da aula.

Sempre que sexa posible vaise **priorizar o apoio dentro da aula ordinaria**, xa sexa dos mestres de apoio a E.Infantil ou no caso da intervención dos especialistas de PT e AL.

So se produciran intervencións directas especializadas nos seguintes casos:

- No caso de alumnado de NEAE, que polas súas características precise dunha intervención mais individualizada e de recuperación.
- Alumnado que teña que recibir intervención directa por parte do especialista de Audición e Linguaxe, que será preferiblemente en sesións curtas de 30 minutos de duración.
- Alumnado de distintas aulas agrupados nunha mesma sesión.

As familias do alumnado que sexa susceptible de reforzo e apoio serán debidamente informadas das medidas que se pretenden levar a cabo e dos obxectivos que se pretenden acadar cas mesmas.

Farase un seguimento continuo de todo aquel alumnado que teña apoios ou reforzos programados, establecendo mecanismos de revisión e mellorando ou modificando os obxectivos da intervención sempre que sexa preciso.

Hai que destacar a importancia de manter unha boa coordinación entre tódolos profesionais implicados na intervención dos alumnos.

6.2. Prioridade das intervencións.

Sempre que o centro non teña recursos persoais ou horario dos mestres especialistas ou os mestres de apoio suficientes para atender a tódalas demandas, é preciso determinar as prioridades de intervención seguindo unha serie de criterios que teñen que ver ca importancia das necesidades de cada alumno, deste xeito:

1. Priorizarase en primeiro lugar as intervencións dos casos de maior gravidade (alumnos con Necesidades Educativas Especiais).
2. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que xa recibían reforzo e o precisen manter no tempo.
3. Alumnado novo identificado con NEAE.
4. Outras dificultades (articulación, necesidades leves de regulación de conduta), priorizando en orde mais próximo á promoción a Educación



Primaria, isto é : 6º EI, 5º EI e por último e para deixar que a evolución e os diferentes ritmos de aprendizaxe actúen de maneira natural, o 4º curso de E. Infantil.

6.3. Modalidades de atención.

- Apoio do titor e dos mestres de apoio a E.Infantil, que precisen dunha atención mais individualizada. Son alumnos que polas súas características poden seguir o currículo ordinario, pero precisan, para logralo, dunha atención mais individualizada. Prodúcese dentro da aula ordinaria.
- Apoios de especialistas dentro da aula ordinaria: este apoio ten por obxectivo favorecer a inclusión e a normalización de alumnos con NEAE, permitindo que o alumno traballe co resto do seu grupo e á súa vez permite que o traballo do titor co resto do grupo sexa mais efectivo.
- Atención especializada por parte do profesorado especialista: Alumnado con *necesidades específicas de apoio educativo* que precisen nun determinado momento, ou en toda a súa escolarización, dunha atención e apoio mais especializado e individualizado.

7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.

7.1. Claustro

- Consensuar a definición do marco conceptual elixido polo centro (que é a atención á diversidade, que medidas de atención á diversidade se adoptan, cómo se entende o proceso de ensino - aprendizaxe).
- Elaborar o Proxecto Educativo.
- Coordinar as funcións referentes á orientación, tutoría e avaliación dos alumnos e alumnas.
- Aprobar o Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación para posteriormente trasladalo ó Consello



Escolar para a súa aprobación.

7.2. Profesorado titor

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación da Xefatura de estudos en colaboración co Departamento de Orientación.
- Realizar a avaliación inicial ao comezo do curso seguindo as directrices e orientacións programadas dende o Departamento de Orientación, co fin de detectar posibles necesidades ou dificultades no alumnado.
- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica, atender ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado e adecuar as programacións de aula á diversidade desta.
- Elaborar a adecuación do currículo correspondente nas Adaptacións Curriculares que sexa necesario levar a cabo no seu grupo de alumnos.
- Facilitar a normalización e inclusión dos alumnos no grupo.
- Coordinar os procesos de avaliación dos alumnos do seu grupo cos mestres especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica e o resto do profesorado que interveñen co grupo de alumnos.
- Informar ás familias e ao profesorado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo sobre todo aquilo que lles concirna en relación coa intervención educativa e o rendemento académico.

7.3. Profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Para coordinar as súas funcións, o profesorado especialista en PT e AL reúnese unha vez á semana co Orientador/a do CRA e o coordinador de ciclo, no departamento de orientación, onde se discuten as metodoloxías e programas de atención, ademais de tódalas actuacións levadas a cabo dende o departamento.

7.3.1. Mestre especialista en Pedagogía Terapéutica:

- Intervención educativa directa co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaboración co xefe do departamento de orientación nas cuestións



relacionadas co alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.

- Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación do alumnado co que realizan unha intervención individualizada.
- Colaboración co departamento de orientación na elaboración do Plan de Orientación.
- Colaboración no asesoramento do profesorado que imparte docencia directa co alumnado con NEAE.
- Elaboración e planificación de recursos e materiais específicos para ó alumnado con *Necesidades Educativas Especiais*.
- Seguimento e elaboración de informes trimestrais e finais de aqueles alumnos que teñen unha intervención específica en Pedagogía Terapéutica.
- Aquelas outras funcións que se lle poidan asignar no seu ámbito de actuación.

7.3.2. Mestre especialista en Audición e Linguaxe:

- Actuación directa docente co alumnado con alteracións lingüísticas.
- Colaboración na avaliación inicial do alumnado e na valoración das dificultades mais específicas de alteracións da linguaxe.
- Colaboración na elaboración e desenvolvemento de programas de estimulación da linguaxe. Especialmente no programa de estimulación da linguaxe oral e no programa colectivo de recuperación de dislalias específicas.
- Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e o tratamento de dificultades na área da linguaxe.
- Seguimento e elaboración de informes trimestrais de aqueles alumnos que teñen unha intervención específica en Audición e Linguaxe.

7.4. Departamento de orientación:



De forma xeral, as funcións do departamento vertébranse en torno as funcións de prevención, colaboración, intervención directa especializada e apoio ás familias.

- Elaborar de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos Equipos de ciclo a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladará ao equipo directivo para a súa inclusión no Proxecto Educativo.
- Elaborar a proposta de concreción anual do citado PXAD, que formará parte da Programación Xeral Anual.
- Elaborar a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, incorporando as propostas de mellora que se incorporarán á memoria do Plan de Orientación e á memoria anual do centro.

De xeito mais concreto, as funcións do Xefe do Departamento de Orientación son:

- Servir de apoio ao Equipo directivo, Claustro, alumnado e familias.
- Coordinar a atención do alumnado con *necesidades específicas de apoio educativo*, en colaboración coa xefatura de estudos e o profesorado de apoio.
- Detectar e avaliar as necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.
- Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas.
- Elaborar os informes psicopedagóxicos, a parte formal no caso das Adaptacións Curriculares.
- Participar no deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado información e orientación para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade a adoptar no caso de alumnado *con necesidades específicas de apoio educativo*.



- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Diseñar en colaboración co profesorado medidas que favorezan o desenvolvemento integral e medidas de reforzo que favorezan as aprendizaxes do alumnado.
- Coordinar a actuación do profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Establecer canles de comunicación e información ás familias.

7.5. Equipo directivo.

A atención á diversidade do alumnado é responsabilidade da totalidade do profesorado do centro, implicándose nas propostas na planificación como na posta en práctica das medidas que sexan necesarias. Deste xeito, un papel destacado será o do Equipo Directivo, pois é o encargado de dinamizar tódolos procesos de atención ao alumnado, incluídos polo tanto aqueles que teñan que ver ca atención á diversidade, destacando o rol da Xefatura de Estudos como o encargado de coordinar todo o relacionado ca atención á diversidade: organización de horarios, coordinación de funcións, etc.

- É o órgano responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á diversidade.
- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en práctica no que corresponde ás medidas de atención á diversidade e á coordinación do profesorado implicado.
- Habilitar os recursos dispoñíbeis para a atención e intervención específica do alumnado con *Necesidades Educativas Especiais*.
- Coordinar e velar pola execución de tódalas actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.
- Coordinar a actividade docente, con especial atención a procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de reforzo, recuperación e ampliación.



- Incorporar a concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual, e velar polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

7.6. Comisión de coordinación pedagóxica.

- Velar para que a elaboración das concrecións curriculares de etapa, Plan de Acción Titorial, Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Orientación Educativa e o Plan de Convivencia Escolar se elaboren conforme aos criterios establecidos polo Claustro.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas, do Plan Xeral de Atención á Diversidade e dos demais plans e programas do centro.
- Mediar nas propostas dos equipos de ciclo e comisións elevadas ao Claustro.

7.7. Persoal coidador.

- Colaborar, en coordinación cos profesionais implicados, na execución práctica, seguimento e avaliación dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado con Necesidades Educativas Especiais.
- Guiar e/ou axudar ao alumno/a na adquisición de hábitos e actividades de coidado, hixiene e aseo persoal previamente programadas.
- Guiar e/ou axudar ao alumno/a nas actividades dirixidas á adquisición de hábitos alimentarios.
- Guiar e/ou axudar ao alumno/a na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de mobilidade, autocontrol en desprazamentos e actividades da vida cotiá.
- Guiar e/ou axudar ao alumno/a nos desprazamentos e na participación activa de actividades dentro e fora do centro, cando as súas condicións llo impidan ou dificulten.



- Colaborar co resto do profesorado na atención, vixilancia e coidado destes alumnos/as durante os períodos de recreo, descanso e saídas do centro.
- Prestar axuda ao alumno/a dentro da aula, para facilitarlle o acceso a algunhas actividades que poidan presentar especial dificultade para el. Estas actividades sempre deben estar programadas e supervisadas polo profesorado, xa se desenvolvan na aula ou en agrupamentos flexibles.

8. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

8.1. *Coordinación interna:*

Os mecanismos para optimizar a coordinación interna serán os seguintes:

- Reunións do Departamento de Orientación: completo, do profesorado de PT e AL e das titorías co orientador e/ou co profesorado de PT e AL. Tamén en calidade de invitada a Directora do CRA e a coidadora.
- Reunións de ciclo e/ou nivel.
- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Sesións de avaliación: inicial, trimestral e final.
- A principios de cada curso, o profesorado de apoio, coordínase cos titores do alumnado que atenderá ao longo do curso.
- Todas aquelas xuntanzas que requira cada un dos casos tratados.
- Para promover a coordinación entre Educación Infantil e Educación Primaria, o xefe/a do Departamento de Orientación reunirse en xuño cos titores de 6º de E.Infantil e recollerá información relevante sobre as características e necesidades educativas do alumnado que cambia de etapa. Tamén será o encargado/a de realizar os informes finais de etapa para os alumnos con *necesidades específicas de apoio educativo*.

8.2. *Coordinación con outros centros:*

No relativo aos centros adscritos, debemos ter en conta de que o propio centro non ten adscritos como tal, senón que se trata de un Centro Rural Agrupado



que consta de 8 aulas na súa sede e outras sete distribuídas polas parroquias do concello. Isto fai mais complicada e se cadra mais importante a coordinación entre a sede e as súas parroquias, para isto, os especialistas e o Departamento de Orientación van a xogar un papel fundamental, xa que a súa condición de itinerantes permite acudir en apoio e trasladar as informacións necesarias dun xeito mais inmediato ó equipo directivo do CRA.

9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E OS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO..

9.1. Familias.

Neste caso as reunións periódicas van a ser o mecanismo e a ferramenta de comunicación e colaboración esencial. A súa periodicidade e número variará en función das necesidades de cada caso. As reunións levaranse a cabo preferentemente co Xefe/a do Departamento de Orientación e cos profesores titores dos alumnos, podendo convocarse nalgún caso específico a algún mestre especialista ou mestre de apoio.

- Reunións iniciais do titor/a coas familias. Teñen por obxectivo obter e proporcionar información sobre as dificultades do alumno/a e as propostas de intervención plantexadas, incluída a posible avaliación psicopedagóxica e a autorización para a mesma.
- Reunións co Xefe do Departamento de Orientación, nas que se solicita e facilita información relevante ou se proporcionan suxestións e orientación.
- Reunións de seguimento, con periodicidade variable, nas que poden participar ademais do profesorado titor e o Orientador/a, calquera outro especialista ou mestre de apoio que se considere.

9.2. Servizos externos.

Debido a que no CRA está escolarizado alumnado que recibe tratamento



específico e intervención en servizos externos, faise imprescindible manter unha comunicación, colaboración e coordinación con estes, xa que as informacións que podemos contrastar e compartir van a ser claves á hora de adecuar a intervención educativa cos alumnos. A tal fin, debemos coidar a comunicación dende o departamento de orientación, con:

- Servizos de Neuropediatría e atención temperá.
- Servizos Sociais do Concello.
- Distintos profesionais da psicoloxía e pedagogía de servizos privados.
- Distintas asociacións especializadas en necesidades educativas especiais. Algunhas delas contan con convenios coa consellería de educación para intervir e colaborar nos centros educativos dependentes desta.
- O programa municipal de atención logopédica e psicopedagóxica.

10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

ANEXO 1	SOLICITUDE DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. DEMANDA AO DE
ANEXO 2	AUTORIZACIÓN DOS PAIS/TITORES LEGAIS PARA RECIBIR ATENCIÓN POR PARTE DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN AL E/OU PT
ANEXO 3	AUTORIZACIÓN DOS PAIS/TITORES LEGAIS PARA ESTABLECER CONTACTO COS PROFESIONAIS EXTERNOS QUE ATENDEN AO ALUMNO.
ANEXO 4	AUTORIZACIÓN DOS PAIS/TITORES LEGAIS PARA LEVAR A CABO A AVALIACIÓN



	PSICOPEDAGÓXICA.
ANEXO 5	FOLLA DE PETICIÓN DE COPIA DO INFORME PSICOPEDAGÓXICO.
ANEXO 6	DOCUMENTO DE INFORMACIÓN E AUTORIZACIÓN FAMILIAR SOBRE A FLEXIBILIZACIÓN DA IDADE DE ESCOLARIZACIÓN.
ANEXO 7	AUTORIZACIÓN PARA A SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EOE.
ANEXO 8	INFORMACIÓN AOS PAIS E OPINIÓN SOBRE A PROPOSTA DE ESCOLARIZACIÓN.

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase o programa de intervención, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan Xeral de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas. Corresponde ao Equipo directivo o desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan de Atención á Diversidade.

A avaliación efectuarase a dous niveis:

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado afectado polo plan.
- Avaliación do plan propiamente dito.



O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación de este á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

1. Análise e avaliación nas reunións de ciclo.
2. Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
3. Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro de Profesorado para o seu coñecemento.
4. Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.


Se as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

A revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade realizarase a principio de curso, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación e ás circunstancias existentes en dito momento.



DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORDE do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.



Proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe. Terá por finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións. É competencia e responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos de orientación específicos. En todo caso, deberá realizarse unha avaliación psicopedagóxica previa ao ditame de escolarización.. Os servizos de Orientación deberán deseñar e elaborar os correspondentes protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica. Os procedementos para esa demanda daranse a coñecer á comunidade educativa.

os resultados da
avaliación plázanse no

conclúe

¿Quen pode acceder ao informe psicopedagógico?
O informe psicopedagógico considérase un documento confidencial que forma parte do expediente do/a alumno/a. A súa custodia corresponde ao Xefe/a do Departamento de Orientación. Para coñecer o seu contido o profesorado terá acceso a un extracto dos aspectos docentes tal e como establece o apartado 6.2.3 do protocolo de protección de datos da Consellería de Cultura, Educación e

¿Pode a familia solicitar unha copia do informe psicopedagógico?
Si, a familia pode solicitar unha copia do informe psicopedagógico. O proceso para a súa solicitude está recollido no PXAD. Unha vez o informe é entregado á familia a responsabilidade sobre o uso que se faga do mesmo recae na persoa que asina a recepción do informe.

Existencia ou non de Necesidades Educativas
De ser necesario:
❖ Proposta de medidas de atención á diversidade
❖ Recursos necesarios para a atención das necesidades do alumno/a

FIN

versión 1.0 (febreiro 2021)